



PREGO DE CONDICIÓN

(REFERENCIA: PAC/014/08)

CONTRATACIÓN DA OBRA DE REVESTIMENTOS DE FACHADAS DE PANEIS NO LABORATORIO PARA USOS AGRARIOS DE MABEGONDO PARA A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA).

*CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE URXENTE.*

Índice

FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS.....	3
PREGO DE CONDICIÓNS	9
1. Definición obxecto do contrato.	9
2. Réxime xurídico	9
3. Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante.	9
4. Procedemento e forma de adxudicación.	10
5. Condicións de aptitude esixibles para contratar.....	10
6. Sistema de determinación de prezo.....	10
7. Orzamento	10
8. Crédito orzamentario.	11
9. Garantía provisional.....	11
10. Garantía definitiva.....	11
11. Lugar e prazo das proposicións.	11
12. Variantes.	12
13. Formalización das proposicións.	12
13.1. Documentación xeral (sobre A).....	12
13.2. Documentación técnica e económica (sobre B).....	14
14. Comisión de selección.....	15
15. Criterios de adxudicación.	16
16. Adxudicación da contratación.....	16
17. Obrigas previas á adxudicación definitiva.....	16
18. Formalización do contrato.	17
19. Execución do contrato.....	17
20. Penalidades por demora.	17
21. Forma de pago	18
22. Gastos esixibles ao adxudicatario	18
23. Cesión do contrato.	18
24. Resolución do contrato.....	19
25. Xurisdición competente.....	19
ANEXO I	20
ANEXO II	

FOLLA DE ESPECIFICACIÓN

(REFERENCIA: PAC/014/08)

CONTRATACIÓN DA OBRA DE REVESTIMENTOS DE FACHADAS DE PANEIS NO LABORATORIO PARA USOS AGRARIOS DE MABEGONDO PARA A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA).

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE URGENTE.

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a colocación dos revestimentos de fachadas ventiladas con placas resinas e panel sandwich, segundo as características definidas no prego de prescricións técnicas, para a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA).

Unidades obxecto de realización: segundo o anexo II

Duración estimada da obra: dous meses

2.- RÉXIME XURÍDICO

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

O contrato rexerese, en canto a súa adxudicación pola Instrucción reguladora dos procedementos para a contratación da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) con data de 15 de Xullo de 2008 e publicada na web da empresa (www.epseaga.com), e no seu defecto pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a SEAGA, ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes follas de especificacións, os pregos de condicións e os pregos de prescricións técnicas, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerese polo dereito privado.

3.- IDENTIFICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E PERFIL DE CONTRATANTE

Órgano de contratación: Consello de administración de SEAGA.

Perfil de contratante: poderá consultarse na páxina web de SEAGA (www.epseaga.com) e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdeg Galicia.es).

4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Forma de Adjudicación: PROCEDEMENTO ABERTO

Tipo de Contrato: OBRA NON SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA

Tipo de tramitación: URXENTE.

5- CONDICIÓNS DE APTITUDE ESIXIBLES PARA CONTRATAR

A capacidade de contratar acreditarase de acordo o establecido no artigo 61 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa E.P. SEAGA, S.A. as persoas que estean incursas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 49.1 da LCSP.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 47 da LCSP.

As empresas non españolas e non comunitarias estarán ao disposto no artigo 44 da LCSP.

As unións de empresarios poderán contratar con SEAGA segundo o establecido no artigo 48 da LCSP

6.- SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

O sistema de determinación do prezo é por unidades de obra segundo o especificado no anexo II

7.- VALOR ESTIMADO

Orzamento base de licitación en letra (IVE excluído):

- Douscentos sesenta e catro mil setecentos catro euros con cincuenta e sete céntimos

Orzamento base de licitación en número (IVE excluído):

- 264.704,57 €

Orzamento IVE:

- 42.352,73 €

8.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A obra será financiada con cargo aos orzamentos da encomenda realizada pola Consellería de Medio Rural á Empresa Pública SEAGA, S.A.: "Laboratorio para usos agrarios de Mabegondo" (Ref. 0303017009)

9.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se require



10.- GARANTÍA DEFINITIVA

5% do importe base de licitación

11- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSIÇÕES

As proposicións presentaranse na seguinte dirección:

EMPRESA pública SEAGA

Vía Marconi 14, Polígono do Tambre, C.P. 15780

Santiago de Compostela

Tif: 981 54 61 27 Fax 881 997 191

No prazo de trece días dende a publicación na web da empresa

12.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A solvencia económica e financeira xustificárase mediante un informe de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Reputárase solvente ó licitador que achegue un informe dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual relacionado nesta folla de especificacións.

No suposto de presentar un seguro de indemnización de riscos profesionais considerárase solvente o licitador que acredite ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por capital equivalente ao orzamento base da licitación multiplicando 1,5.

13.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A acreditación da solvencia técnica deberá xustificarse mediante unha relación das principais contratacións de obra de tipoloxía semellante á que é o obxecto deste PROCEDIMENTO efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, data, e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes CERTIFICADOS sobre estas.

As obras realizadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Reputarase solvente ó licitador que declare ter executado en conxunto obras semellantes que representen un volume de negocio igual ou superior ao do orzamento base de licitación ao tempo que incorpore o correspondente certificado sobre o mesmo.

Da acordo con isto, e en relación coa solvencia técnica e profesional o licitador deberá cubrir o seguinte cadro que se incluírá no sobre A "documentación xeral"

RELACIÓN DE OBRAS SEMELLANTES NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS			
<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>	<u>Data</u>	<u>Destinatario</u>

14.- VARIANTES

Non se admiten

15.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

O criterio de adxudicación a seguir, por orden decrecente de ponderación, vai ser:

1. Oferta económica. Ponderación : ata 8 puntos.

A valoración da mellora económica realizarase coa seguinte fórmula:

$$P_i = P_m \times (L - O_i / L - K)$$

Sendo P_i = Puntuación obtida

Sendo P_m = Puntuación máxima deste criterio

Sendo L = Orzamento base de licitación.

Sendo O_i = Orzamento da oferta a valorar

Sendo K = Orzamento óptimo que obterá a máxima puntuación do criterio

Considérase orzamento óptimo aquel que resulte de aplicar á media aritmética das ofertas admitidas á licitación, unha baixa en 10 unidades porcentuais do orzamento de licitación, agás no suposto de que fose admitida á licitación algunha/s oferta/s inicialmente incurso/s

en presunción de temeridade no que esta oferta será o orzamento óptimo e obterá a máxima puntuación.

Para os efectos do artigo 136 da LCSP poderán ter a consideración de ofertas desproporcionadas ou temerarias as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa exceda en 10 unidades, polo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas

2. Redución do prazo de execución. Ponderación : ata 2 puntos

Por día de redución:0.05 puntos

16.- EVALUACIÓN DAS OFERTAS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR

SI

NO

No caso de que se evalúen as ofertas de acordo con criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, indicación de que criterios dos enumerados no apartado 15 serán obxecto da indicada avaliación.

17.- GASTOS ESIXIBLES AO ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios de licitación e de formalización do contrato, ata un máximo de 3.000 €

18.- PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN.

Prazo: A execución da obra obxecto deste contrato levarase a cabo no prazo máximo de dous meses, ou no prazo menor ofertado, a contar dende a adxudicación definitiva.

Lugar: Edificio de Laboratorio para usos Agrarios de Mabegondo.

18.- PRAZO DE GARANTÍA

Dada a natureza do contrato, establécese un prazo de garantía mínimo dun ano a contar dende a data de recepción da obra

20.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede



21.- PENALIZACIÓN

Conforme ao disposto no artigo 196 da LCSP

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2008

O Director-xerente

Xan-Bautista Cambón Rodríguez

PREGO DE CONDICIÓN

(REFERENCIA: PAC/014/08)

CONTRATACIÓN DA OBRA DE REVESTIMENTOS DE FACHADAS DE PANEIS NO LABORATORIO PARA USOS AGRARIOS DE MABEGONDO PARA A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA).

*CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE URXENTE.*

1. Definición obxecto do contrato.

O obxecto do presente contrato é a colocación dos revestimentos de fachadas ventiladas con placas resinas e panel sandwich, segundo as características definidas no prego de prescricións técnicas, para a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA).

Unidades obxecto de realización: segundo o anexo II

Duración estimada da obra: dous meses

2. Réxime xurídico

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

O contrato rexerese, en canto a súa adxudicación pola Instrucción reguladora dos procedementos para a contratación da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) con data de 15 de Xullo de 2008 e publicada na web da empresa (www.epseaga.com), e no seu defecto pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a SEAGA, ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes follas de especificacións, os pregos de condicións e os pregos de prescricións técnicas, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerese polo dereito privado.

3. Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante.

O consello de administración de Seaga, será o órgano contratante da sociedade.

O perfil de contratante poderá consultarse na páxina web de Seaga (www.epseaga.com), na sección adicada a Concursos.e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdeg Galicia.es).

4. Procedemento e forma de adxudicación.

Según a Instrucción Reguladora dos Procedementos para a contratación internos de SEAGA con data do 15 de Xullo de 2008, segundo o artigo 175 da LCSP, a adxudicación da obra á que se refire o presente prego rexerá polos artigos 122 e seguintes da LCSP polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, e por tramitación urgente tomando coma referencia o artigo 96 da LCSP.

5. Condicións de aptitude esixibles para contratar.

Só poderán contratar con SEAGA, S.A., as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar, non estean incursas na prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co esixido neste prego(5), e que a súa actividade teña relación directa co obxecto do contrato segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, acreditarase debidamente, e disporá dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

A acreditación da capacidade de obrar será segundo o establecido no artigo 61 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa Empresa Pública SEAGA, S.A. as persoas que estean incursas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 49.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 47 da LCSP.

En canto as empresas non españolas e non comunitarias estarase ao disposto no artigo 44 da LCSP.

Poderán contratar con Seaga as unións de empresarios que se constituían temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor. As unións de empresarios estarán ao disposto no artigo 48 da LCSP.

6. Sistema de determinación de prezo.

O sistema de determinación do prezo é por unidades de obra segundo o especificado no anexo II.

7. Orzamento

O orzamento de licitación será:

Orzamento base de licitación en letra (IVE excluído):

- Douscentos sesenta e catro mil setecentos catro euros con cincuenta e sete céntimos

Orzamento base de licitación en número (IVE excluído):

- 264.704,57 €

Orzamento IVE:

- 42.352,73 €

A tódolos efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden non só o prezo do contrato, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais

gastos que fosen de aplicación. Sen embargo, e segundo o artigo 75.2 da LCSP, indicárase como partida independente o importe do Imposto sobre o valor engadido, IVE, que deba soportar SEAGA.

As ofertas formuladas de forma incorrecta ou incompleta, orixinarán a exclusión do ofertante.

DURACIÓN DO CONTRATO: dous meses

8. Crédito orzamentario.

A obra será financiada con cargo aos orzamentos da encomenda realizada pola Consellería de Medio Rural á Empresa Pública SEAGA, S.A.: “Laboratorio para usos agrarios de Mabegondo” (Ref. 0303017009).

9. Garantía provisional.

Non se require

10. Garantía definitiva.

O adxudicatario entregará a Seaga o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva no prazo de tres días hábiles unha vez notificada a adxudicación provisional, equivalente ao 5 % do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o artigo 75.5 da LCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado. Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír fixarase atendendo ao presuposto base de licitación (artigo 23 da Instrucción reguladora dos procedementos de SEAGA).

A garantía definitiva responderá do cumprimento íntegro, polo adxudicatario, das obrigacións asumidas en virtude do propio contrato.

Entenderase que o aval debe presentarse con renuncia ao beneficio de excusión a que se refire o artigo 1.830 do Código Civil, o primeiro requirimento, así como que o seguro debe constituírse con renuncia do asegurador a opoñer ao asegurado as excepcións que puideran corresponderlle contra o tomador.

En todo caso a garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP, e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

Todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 136 da LCSP, en relación coas ofertas desproporcionadas ou temerarias.

11. Lugar e prazo das proposicións.

A documentación para participar neste procedemento, deberá presentarse en man dentro do prazo sinalado na folla de especificacións, no Rexistro Xeral da Empresa Pública SEAGA, S.A. sito nas

oficinas centrais de SEAGA, Vía Marconi 14, Polígono do Tambre, C.P. 15780, Santiago de Compostela. Nº de Fax 881 997 191, ou por correo na forma prevista no art. 80 do RXLCAP.

12. Variantes.

Non se admiten ao proxecto base.

13. Formalización das proposicións.

A documentación presentárase en **dous sobres independentes** redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma Galega e tratándose de empresas estranxeiras deberán acompañar a tradución oficial. Os sobres presentáranse pechados, identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concorrán e asinados polo licitador ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

Será preciso que o licitador aporte a documentación que integra a proposición dividida en dúas partes: **SOBRE A**: DOCUMENTACIÓN XERAL e **SOBRE B**: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA.

13.1. Documentación xeral (sobre A)

A. Licitadores non inscritos no rexistro de contratistas.

No sobre A) figurarán os documentos (ou fotocopias dos mesmos, debidamente legalizadas ou compulsadas) seguintes:

- Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI se se trata de persoa física, ou, se a empresa é persoa xurídica, a escritura de constitución ou de modificación da mesma, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial . (Artigo 61 da LCSP).
- Cando varias empresas acudan á licitación constituíndo unha Unión de Empresarios, cada un dos empresarios acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban e a participación de cada un deles. Así mesmo, deberán designar a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos fronte á Empresa Pública SEAGA, sendo aplicable o artigo 48 da LCSP.

- Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos Rexistros e presentación das certificacións que se indican no artigo 61 da LCSP.
- As empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma análoga.
- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá acompañar un poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e igualmente documento nacional de identidade ou documento que o reemplace, da persoa que asine a proposición.
- Deberá presentarse a declaración responsable de que o licitador non está incurso nalgunha das prohibicións para contratar coa Administración conforme ó establecido nos artigos 43 ao 62 e da Lei de contratos do Sector Público.
- Os licitadores deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, utilizando de entre os medios de acreditación previstos nos artigos 63, ao 73 da Lei de contratos do Sector públicos os que se indiquen na folla de especificacións deste prego. Estes medios de acreditación deberá xustificar que as empresas axústanse os criterios de selección que se fixan na folla de especificacións deste prego.
- A citada declaración responsable comprenderá expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social incluíndo que se atopa en alta e ao corrente no pago do IAE, así como a non existencia de débedas tributarias ou doutro tipo coa Comunidade Autónoma de Galicia. Todo elo sen prexuízo da obrigaçión de presentar os certificados correspondentes, no prazo de 3 días hábiles dende a notificación da adxudicación provisional.
- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición española, para tódalas incidencias que puideran xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

B. Os licitadores inscritos no rexistro de contratistas.

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia deberán face-lo constar así na parte exterior do sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.



Ao abeiro do disposto no Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro xeral de contratistas, se os licitadores se atopan inscritos no rexistro de contratistas, e consta nel que teñen actualizados os certificados de estaren ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, só deberán presentar a documentación que acredite a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional.

No suposto de que algún destes certificados non conste actualizado no devandito rexistro, deberase acreditar ante a mesa de contratación, ou de ser o caso, ante o órgano de contratación.

13.2. Documentación técnica e económica (sobre B) que conterà:

Os documentos onde se reflicten as características técnicas da oferta do licitador en relación coa realización da obra obxecto da licitación e o esixido no Prego de Prescricións Técnicas. Necesariamente incluirá a seguinte documentación:

- 1- Xustificación dos prazos de execución nos que o licitador se compromete a realizar a obra dende que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos persoais e materiais para a execución da obra.
- 2- Catálogos, descricións, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das obras ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións técnicas.
- 3- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación.

O sobre B conterà igualmente a **Proposición Económica** conforme ao modelo que figura como **Anexo I**. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que o Órgano de Contratación estime fundamental para considerar a oferta. Cada licitador presentará unha soa proposición.

Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso (a cláusula 16 do prego de especificacións precisará os criterios que dependan do xuízo de valor).

Nestes casos, a presentación da proposición virá dividida dentro en dous sobres independentes para facer posible a indicada valoración separada.

Sobre B-1 documentación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

Sobre C proposición valorable de forma automática (oferta económica).

A mesa unha vez calificada e subsanada , no seu caso, a documentación persoal (sobre A) procederá a apertura do sobre B-1 das proposicións admitidas e efectuará a súa avaliación, previos informes técnicos que se poidan solicitar.

Unha vez realizada a indicada avaliación, en día e hora previstos, procederase a apertura do sobre C, en acto público, previa publicación da valoración técnica (artigos 47 e 60 da Instrucción reguladora de SEAGA).

O licitador non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas se xa o fixo individualmente. A infracción desta norma dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

14. Comisión de selección.

A comisión de selección estará composta por:

- a) Un presidente, que será o Director Técnico da Empresa Pública SEAGA, S.A.
- b) Dous vogais, designados entre o persoal de cadro de SEAGA.
- c) Un asesor xurídico ao servizo da Sociedade ou da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.
- d) Un secretario que será nomeado entre administrativos ao servizo da empresa SEAGA, que actuará sen voto.

A mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que a informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias e por requirimento da mesa, pero sen dereito a voto. Poderán pedir, sen embargo, que consten en acta as observacións que consideren preciso formular.

Os membros da comisión poderán delegar, noutros membros da mesma, por escrito e para cada sesión, a súa representación e voto.

Corresponde ao Presidente da comisión de selección acordar a convocatoria, dirixir as deliberacións e exercer cantas funcións sexan inherentes á súa condición. Dirimirá co seu voto en caso de empate.

Das reunións da Comisión de Selección levantarase acta, que será asinada por todos os seus membros.

Os membros da mesa deberán pronunciarse necesariamente sobre a proposta que proceda facer ao órgano de contratación, sen posibilidade de abstención na correspondente votación. Os que discrepen do acordo adoptado pola maioría poderán facer constar na acta o seu voto particular ao tempo da sinatura.

Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a Comisión de Selección examinará e calificará a documentación aportada, podendo conceder un prazo de subsanación non superior a 3 días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e subsanables no tocante á Documentación contida no SOBRE A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a subsanación. A estes efectos, SEAGA comunicarao

verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que as circunstancias reseñadas se comuniquen por fax (con confirmación da recepción) e se fagan públicas a través do anuncio do presidente da comisión de selección no taboleiro de anuncios ou na páxina web www.epseaga.com de Seaga.

As proposicións serán secretas e abritaranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.

A comisión, no día sinalado para o anuncio, procederá á apertura das proposicións en acto público.

A comisión formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto.

15. Criterios de adxudicación.

Os criterios de adxudicación son os sinalados no apartado 15 (quinze) da folia de especificacións

16. Adxudicación da contratación.

A comisión de selección elevará ao órgano de contratación as proposicións xunto coa acta e a proposta de adxudicación que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios previstos no punto anterior, sen que esta proposta cree dereito algún a favor do licitador proposto.

O órgano de contratación procederá á adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de un mes a contar dende a apertura de proposicións podendo adxudicar á proposición máis vantaxosa, sen prexuízo do dereito a renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento de acordo co artigo 139 da LCSP.

A adxudicación provisional publicarse no perfil de contratante e notificáraselle ao adxudicatario.

A adxudicación ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa non procederá cando o devandito órgano presuma fundadamente que a proposición non poda ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados (para a consideración de oferta con valores anormais ou desproporcionados aplicarase o disposto no artigo 136 da LCSP)

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil de contratante.

17. Obrigas previas á adxudicación definitiva.

No prazo de tres días hábiles, seguintes a aquel no que se publique a adxudicación provisional no perfil de contratante, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se houberen comprometido a adicar, ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 53,2

da LCSP, que lle reclame o órgano de contratación, así como constituír a garantía que, no seu caso, sexa procedente.

18. Formalización do contrato.

O documento de formalización subscribirase polo director xerente de Seaga e o contratista, nun prazo de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

En ningún caso poderá introducirse no documento de formalización mencións que contraveñan ao disposto nos pregos que serven de base á licitación.

O contrato poderá formalizarse mediante escritura pública cando así o solicite o adxudicatario, e correrán ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario, non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, Seaga poderá acorda-la resolución do mesmo.

19. Execución do contrato

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións óptimas de calidade utilizando os medios persoais e materiais máis adecuados para garantir a súa óptima execución.

A E.P. SEAGA S.A. poderá verificar en calquer momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarias.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados na obra.

O remate da obra, para a súa constatación, esixirá por parte de SEAGA un acto formal e positivo de recepción ou conformidade, dentro do mes seguinte de producirse. Cando a devandita comunicación sexa preceptiva.

Se as obras non se atopasen conforme ao contratado, farase constar na acta de recepción e daránselle as instrucións precisas ao adxudicatario para que emende os defectos observados ou para que proceda a substitución, de conformidade co pactado.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante un prazo de dez anos (artigo 219 da LCSP).

20. Penalidades por demora.

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos neste, por causas imputables ao adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por:

- a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.

b) Impoñerlle o adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 196 da LCSP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución destes da facturación que se produza. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade daquelas.

A constitución en mora non requirirá interpelación ou intimación previa por parte de SEAGA.

21. Forma de pago

O adxudicatario terá dereito ao aboamento da obra realizada e recibida, de conformidade cos termos establecidos nas normas que rexen o contrato e conforme ao prezo convidado. En caso de que o contrato prevexa prazos de execución ou a realización de entregas parciais, a demanda de SEAGA, o contratista terá dereito ao aboamento das obras realizadas, en cumprimento dos citados prazos ou entregas parciais.

SEAGA terá a obriga de aboa-lo prezo dentro dos 60 días seguintes á data de conformidade dos correspondentes documentos, que acrediten a realización parcial ou total da obra obxecto do contrato. A expedición de tales documentos requirirá, con carácter previo, que o adxudicatario presente no domicilio de SEAGA a facturación correspondente, acompañada polos albarás de entrega asinados.

SEAGA só dará a súa conformidade á factura si a obra foi realizada conforme ás condicións previstas. Así mesmo a factura deberá referirse ao número de unidades realmente realizadas, polo tempo real de execución das obras e polos prezos unitarios establecidos. En caso de desconformidade coa factura presentada SEAGA deberá manifestar as causas da mesma nun prazo máximo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte da súa recepción.

22. Gastos esixibles ao adxudicatario

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios de licitación e de formalización do contrato. Así mesmo, correrán na carga do adxudicatario, o que está incluído no orzamento ofertado, os gastos de transporte, instalación e colocación de todo se cada un dos elementos que compoñen a indicada obra. Igualmente, correrán ao seu cargo os impostos por calquera índole que grave nos diversos conceptos, mesmo o imposto sobre o valor engadido.

23. Cesión do contrato.

Admitirase a cesión do contrato sempre que as calidades técnicas do cedente non sexan causa determinante na súa adxudicación, e sempre que se cumpra nos requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.

O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial do obxecto do contrato, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, sempre e cando as prestacións parciais subcontratadas non excedan do 50% do importe de adxudicación. Os

subcontratistas quedarán obrigados unicamente ante o contratista principal, que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte a Seaga, con suxeición estrita ás prescricións do presente prego, ás prescricións técnicas e ás condicións establecidas na súa oferta técnica.

24. Resolución do contrato.

Serán causas de resolución do contrato:

- a) Calquera incumprimento das obrigacións asumidas por parte do contratista así coma a falta do pagamento do prezo por parte de SEAGA.
- b) A falta de constitución de garantía e a falta de formalización do contrato na forma prevista no prego.
- c) A declaración de insolvencia do contratista en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación
- d) Nos supostos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas nas que participe o contratista será plenamente aplicable as previsións do artigo 202.4 da LCSP.

25. Xurisdición competente.

A orde xurisdiccional civil será a competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato obxecto deste procedemento.

Faise sometemento expreso das partes aos foros e tribunais da Cidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2008.

O Director-xerente de Seaga, S.A.

Xan-Bautista Cambón Rodríguez.

ANEXO I

Don -----, con domicilio en -----, provincia de -----, rúa ----- número----- e D.I. número-----, en nome (propio)(ou da Empresa que representa----- con C.I.F.-----), enterado do anuncio publicado no ----- do día ----- de ----- e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de obras----- comprométese a tomar ó seu cargo a execución das mesmas, con estrita suxeición ós expresados requisitos e condicións, por un período de tres meses e pola cantidade que se enumera de seguido:

Tipo unidades	Nº uds	Prezo unitario (en cifra)	Prezo total sen IVE (en cifra)	IVE (en cifra)
Orzamento total				

Tipo unidades	Nº uds	Prezo unitario ofertado (en letra)	Prezo total sen IVE (en letra)	IVE (en letra)
Orzamento total				

Santiago de Compostela, a-----de-----de 20----

(Data e Sinatura do proponente)

ANEXO II

Rfe: PAC/014/08		REVESTIMIENTOS DE FACHADAS DE PANEIS	UNIDADES	PREZO REFERENCIA	IMPORTE REFERENCIA
4.3.5	m ²	Folla exterior fachada ventilada, placas resinas Trespa Melcon FR 10 mm.	776,416	144,52 €	112.210,96 €
4.3.6	m ²	Folla exterior de fachada ventilada composta por panel sándwich.	1.172,765	130,03 €	152.493,61 €
Cerramientos:					264.704,57 €